



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE OUTUBRO DO 2019.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo. Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. D. José Manuel Cendán Fernández Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as trece horas e nove minutos do día vinte e oito de outubro do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 30-09-2019, 09-10-2019 e 21-10-2019.

Sometida a votación as actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 30-09-2019, 09-10-2019 e 21-10-2019 o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 2 BNG e 3PP), acorda prestarlle a aprobación.

Punto núm. 2.- Dar conta do PMP e informe morosidade 3º trimestre 2019.

Dáse conta do PMP e informe morosidade do 3º trimestre 2019 de data 17 de outubro de 2019, que a continuación se transcribe:

Detalle del informe de PMP

(1) Ares

Ratio de operaciones pagadas: 66,30

Importe pagos realizados: 923.677,83€

Ratio operaciones pendientes: 49,93

Importe pagos pendientes: 710.933,67€

PMP Global:





Importe pagos realizados: 923.677,83€

Importe pagos pendientes: 710.933,67€

Dáse conta do infome de morosidade do 3º trimestre de data 17 de outubro de 2019.

Pagos realizados durante o trimestre:

Dentro do período legal de pago: 262.026,88€

Fóra do período legal de pago: 661.650,95€

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre:

Dentro do período legal de pago: 646.053,43€

Fora do período legal de pago: 234.244,28€

O Concello pleno dáse por enterado.

Punto núm. 3.- Aprobación liñas fundamentais orzamento 2020.

Dáse conta da Aprobación liñas fundamentais orzamento 2020 de data 09 de outubro de 2020, no documento anexo.

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra o voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dando as grazas e o bo día a todos/as manifesta que neste punto que ven hoxe a pleno volvemos a atopar outra vez uns datos que a nós nos levan a dubudidar, polo que a min respecta segundo a información do expediente do pleno hai unha previsión de incremento de impostos tanto directos como indirectos como na taxa de prezos públicos que leva ao 22,26% está é unha das cuestións que nós plantexamos e que queremos saber porque si hai unha previsión deste incremento do 22,26% na recadación destes impostos tanto directos como indirectos das novas taxas.

Interrompe o Sr. Alcalde dicindo que non entendeu si por favor o pode repetir.

Continúa o Sr. Mesías Farías aclarando que segundo a información do expediente plenario no documento hai unha previsión dun incremento do 22,26% nos impostos directos e indirectos pasa de 2536000 a 2905000.

Interrompe o Sr. Alcalde preguntando en que capítulo é.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que nos impostos directos e indirectos e taxas, presos públicos e outros.

O Sr. Alcalde pregunta en que páxina é.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que ven neste documento na páxina dous.

Continúa o Sr. Mesías Farías manifestando que o que ven neste documento só ten sentido se ou ben hai unha suba dos impostos que creemos que non vai a ser iso, ou senón hai unha suba de impostos hai unha suba da poboación ou das actividades.





Interrompe Sr. Alcalde dicindo que simplemente o outro día douse unha licenza de medio millón de euros para intentar poñer fin a un expediente de reposición da legalidade, temos en previsión varios edificios que van a facer actuacións e son licenzas gordas entón pode ser por moitas razóns.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non quería abrir ese debate porque se a licenza é a que vimos o outro día na comisión informativa de obras ese medio millón en realidade non é para repoñer a legalidade e para facer unhas obras por vandalismo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que o título non ten nada que ver co contido o aparelador recoñeceu que era para repoñer a legalidade o que pasa é que lle puxeron ese título.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que iso non foi o que vimos no expediente de todos xeitos, non estamos falando do orixe, estamos falando de todos os impostos e de todos os impostos hai unha suba do 22,26% entón, si supoñemos que non é iso, pois é un incremento da poboación e si é que non pois será un incremento de valor e de terreos de natureza urbana e creemos que non pode ser de actividades económicas que creemos que non porque non chega a este 22,26% ou pode ser unha segunda parte que este incremento se debe de facer unhas contas das que estamos obrigados que é un mandato do estado español e que mandan cumprir unha serie de cifras e entón que haxa que poñer esas cifras calquera dos dous casos a nós nos surxen as dúbidas tanto que imos a esperar a contestación.

Remata o Sr. Mesías Farías a primeira quenda de intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dando as grazas e manifestando que van a votar en contra disto porque nos alarma a subida, levamos moitos anos cun orzamento de 6.530.034,45€ e imos a pasar a 7.983.920€ e nos alarma como dixó anteriormente o voceiro do BNG que pode ser de licenzas si pero estamos falando de millón e medio creo que vai a haber unha subida de impostos non sei o motivo por iso a nós nos leva a votar en contra disto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que non vai a haber ningunha subida de impostos e este documento é un documento técnico non ten contido político en consecuencia intervención o fai pero aquí non hai ningún mandato político e dicir isto é un documento técnico o documento político é o orzamento e evidentemente non se baralla absolutamente ningunha subida de impostos o que si se baralla é unha subida nos impostos por uns conceptos porque hai unhas promocións que van a ter que pagar por facer obras de finalización e de adaptación a legalidade e demais pero está claro que non hai ningunha subida de impostos é un documento técnico e o documento político é o orzamento, eu aquí non podo facer máis que negar iso porque ese incremento non merece a ningunha subida de impostos, a realidade é esta.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e dicindo que debido a que é un documento técnico segundo manifesta o Alcalde a nós nos quedaría por saber si ese documento técnico se basa en algo en concreto a subida refírese a todos os capítulos co 22,26% de todos os impostos o cal podemos chegar a conclusión de que efectivamente trátase de poñer uns números independentemente de que se vaia a cumprir ou non porque isto xa ten pasado outros anos, e de ser así que non é derivado dunha suba de





impostos senón dunha cuestión técnica que non hai prestarlle a maior importancia pois nós actuaremos en consecuencia co noso voto votando en contra porque non entendemos como haxa que facer documentos aínda que sexa de mandato do estado español e que non se traten cunha debida previsión e regurosidade senón que hai que poñer unhas cifras para que ao final de polo tanto o noso voto vai ser en contra.

Remata o Sr. Mesías Farías a segunda quenda de intervencións dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP:

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que non quere repetirse moito pero si dicir que isto o único que se pode levar é a comisión de facenda pode dar unha mala impresión por parte do concello que hai que cadrar os números nós imos a manter o voto en contra e despois no orzamento veremos a realidade do que se esta a dicir aquí, de momento imos a votar en contra.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández a segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que como documento técnico responde ao plan de axuste que aprobamos no 2011, no plan de axuste facíamos unhas previsións conforme non pensamos que a crise ía a durar tanto en consecuencia todos pensamos que a crise ía a rematar antes e a recuperación non só está tardando senón que a pouca que houbo vaise a evaporar oxalá non sexa certo, pero as perspectivas non son boas. No plan de axuste fixéronse unhas previsións fora de crises por así dicilo pensando que a crise se superara sen embargo ao atrasarse no tempo non é que se atrasara senón que a recuperación foi máis lenta do previsto, o plan de axuste que alcanza ata maio do 2022 entón dende o 2011 tivemos que facer fronte a un plan de axuste que alcanza ata o 2022 nós pensábamnos que no 2019 íamos a estar moito mellor e en consecuencia que a crise xa ía a quedar atrás entón eu creo que isto merece aos macro números que se fixeron no 2011 en previsión de crecemento dun 1% ou 2% anual ata o 2022 e resulta que non entón eses números veñen motivados por un plan de axuste que alcanza ata 2022 e que non se cumpriu a perspectiva de recuperación pero logo o orzamento é o que é, probablemente calcularíamos que no 2019 íamos ter sete millóns pero a realidade é que non porque a recuperación non foi tal, entón eu creo que iso obedece a eses macro números que hai que enviar pero que por desgraza non se corresponde ca realidade e veremos un orzamento de seis millóns e pico como o ano pasado esa vai a ser a realidade polo tanto ese millón e pico de incremento vai a desaparecer no orzamento que se presentará en decembro pero obedece a un documento cunha previsión de once anos entón esa é a realidade.

Intervén o Sr. José Manuel dicindo que 10 anos de plan de axuste que o plan de axuste é do 2012.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que 11 que o plan de axuste é do 2011 e imos a deixalo aquí.

Intervén novamente o Sr. Alcalde manifestando que unha vez fixadas as posicións sometemos o punto a votación.

Sometida a votación a "Aprobación liñas fundamentais orzamento 2020" o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 PSDG-PSOE, 1 NAL) e 5 en contra (3PP, 2BNG), acorda prestarlle a aprobación.





Punto núm. 4.- Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ADICIONAL 1/2019 2ª FASE"

Dáse conta do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL"

Investimentos financeiramente sustibles	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
PROYECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MELLORA DE ABASTECIMENTO DE AUGA NAS RÚAS MARÍA, REAL E SAN XOSÉ	72.987,44 €	4.328,85 €	77.316,239€
PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE POSTA EN VALOR DO PARQUE FLUVIAL E ÁREAS DE INTERPRETACIÓN DA NATUREZA DA XUNQUEIRA	36.805,20 €	2.182,90 €	38.988,10 €
TOTAL	109.792,64 €	6.511,75 €	116.304,39 €

Maior achega provincial asignada ao concello	223.726,37 €
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	113.933,73 €
Maior achega provincial na 2ª Fase	109.792,64 €

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións para fixar posicións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que alédanse que despois de motivos debates dos últimos anos, moitos debates sobre as obras do POS, foron moitas veces onde o BNG veíase obrigado a non poder votar porque as obras que o destino lexitimamente decidía o goberno non era o que nós entendíamos como aquelas obras necesarias que precisaba o concello de Ares, afortunadamente hoxe chéganos un POS dirixible o cal nós nos aledamos, e tanto é así que imos a votar a favor, o cal tamén é unha proba de que nós non somos os do non, senón que somos os do si, os do si cando vemos que as obras que se fan son as que precisamos e as que tantas veces solicitamos. Sabemos que isto é unha pequena porcentaxe das obras de reposición ao abastecemento das obras de novas liñas de abastecemento e os depósitos que hai que facer, sabemos que é unha pequena porcentaxe pero ben





non está mal e temos que sentirnos ledos de que por fin teña como prioridade este tipo de obras e que vaian dando pasos neste sentido, así que eu animo ao goberno de que siga nesta liña que nos vindeiros POS tamén destinen esas obras ao que é urxente e necesario non concello de Ares e que tamén se reflectan nos vindeiros orzamentos.

Remata o Sr. Mesías Farías a primeira quenda de intervencións dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que no mes de setembro deixou constancia aquí sobre o tema do auga, que había que facer unha serie de obras nas rúas e coincide que a única rúa que falta é a dos Anxos, este é un POS Adicional de 109.792,64 € e nós aprobamos e aplaudimos que se destinen estes cartos as obras urxentes que necesita o concello e esperamos e desexamos que o POS 2020 vaia destinado exactamente ao mesmo, polo tanto o noso voto vai ser favorable.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que unha vez fixadas as posicións, procedemos a votar.

Sometido a votación o “Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + ADICIONAL 1/2019 2ª FASE” o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 2 BNG e 3PP), acorda prestarlle a aprobación.

Punto núm. 5.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 6.- Mocións-Propostas.

Dáse conta da moción do Grupo Municipal do P.P.: “Proponer una rebaja y bonificaciones en el tipo de impuesto de bienes inmuebles” de data 11 de outubro de 2019, de seguinte teor literal:

PROPONER UNA REBAJA Y BONIFICACIONES EN EL TIPO DEL IMPUESTO DE BIENES INMUEBLES

Jose Manuel Cendan Fernandez, portavoz del grupo municipal del Partido Popular en el Concello de Ares, con domicilio a efecto de notificaciones en la oficina que el propio grupo tiene en el citado Concello.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

El impuesto de Bienes Inmuebles en Ares, actualmente tiene fijado un tipo impositivo de 0,68% para urbano y 0,75% para rústico.

Cuando el Gobierno Socialista se hace cargo de la Alcaldía de Ares, en el año 2007, el tipo impositivo era de 0,55% para urbano y 0,70% para rústico.





Actualmente en Ares sufrimos uno de los IBIs mas altos de Galicia tanto por su tipo de gravamen como por su valoración catastral.

Actualmente en Ares a diferenciade la mayoría delos Ayuntamiento de Galicia con una normativa moderna y actual no existe un procedimiento de concesión, previo cumplim iento de los requisitos exigidos, de beneficios fiscales en el Impuesto sobre Bienes Inmuebles. Los beneficios fiscales se clasifican en exenciones (a pesar de que se realiza el hecho imponible la ley exime del cumplimiento de la obligación tributaria principal} y bonificaciones (porcentaje de descuento a aplicar sobre la cuota íntegra).

PROPUESTA:

1º - Instar al Concello a rebajar el tipo del impuesto para el próximo ejercicio, en especial el tipo aplicable a los bienes de naturaleza rústica ya que no l1a sido revisado en los últimos años.

2º - Instar al Concello a bonificar el impuesto de Bienes Inmuebles en los siguientes supuestos:

- Bonificación del 50% para los bienes inmuebles de características especiales donde se desarrollen actividades relacionadas con el sector pesquero, explotación de parques y - recintos feriales o actividades náuticas.
- Solicitud de Exención en el Impuesto sobre bienes inmuebles para Entidades sin fines lucrativos (recogidas en el art. 2 de la Ley 49/2002, de régimen fiscal de entidades sin fines lucrativos y de incentivos fiscales
- Bonificación de hasta el 50% de la cuota íntegra del I.B.I para los bienes inmuebles en los que se hayan instalado sistemas para el aprovechamiento térmico o eléctrico por medio de energía renovable proveniente de del sol, geotermia, aerotermia o biomasa. La aplicación de esta bonificación estará condicionada a que las instalaciones para producción de calor incluyan colectores que dispongan de la correspondiente homologación por la Administración competente.
- Bonificación del 50 % en la vivienda habitual certificada con la más alta calificación de eficiencia energética.
- Bonificación de hasta el 90% de la cuota íntegra del I.B.I para aquellos sujetos pasivos que tengan la condición de familia numerosa.
- Bonificación del 95% para bienes rústicos de cooperativas agrarias y de explotación comunitaria de la tierra.
- Solicitud de exención en el impuesto sobre bienes inmuebles por repoblaciones forestales autóctonas y especies autóctonas de crecimiento lento. (art. 62.2 c Texto ref. Ley HHLL).

En Ares a 11 de octubre de 2019

**Fdo. José Manuel Cendan
Fernández**





Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai unha moción presentada polo grupo PP “Proponer una rebaja y bonificaciones en el tipo de impuesto de bienes inmuebles” e en consecuencia ten a palabra o voceiro do PP para expoñer a moción.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que a raíz dunha declaración do Sr. Alcalde de que estamos sen débeda viva como no 2007 en consecuencia da subida xeneralizada de impostos e taxas de impostos polo plan de axuste, creemos que é necesario e xa que somos un dos concellos que máis presión fiscal ten na provincia, esperamos e desexamos que isto volva a normalidade polo menos cos concellos da comarca, que teño aquí concellos da comarca, eu non digo de baixar bastante, pero baixar paulatinamente pero creemos que Ares si está xa a débeda viva solucionada esperamos e desexamos que se vai minorando un pouco. Con respecto aos ingresos do IBI neste concello pasamos do 2008 porque no 2007 non houbo orzamentos, dun ingreso no tema da urbana de 691.064,51€ e na rústica 3452€ a no 2018 1578062€ na urbana e 193000€ na rústica creo que si as contas van ben creo que se podía aplicar unha baixada que xa houbo un ano que se aplicou, de 0,70% a 0,68% e creemos que se podía aplicar algo polo menos un punto ou dous se podían baixar, algún exemplos doutros concellos limítrofes son, no concello de Mugarodos 0,54%, Cabanas 0,67%, Cedeira 0,48%, Narón 0,72%, Fene 0,60%, Pontedeume 0,55%, Sada 0,50% e Betanzos 0,46%, nós non estamos pechados a ningunha baixada forte senón que paulatinamente se vaia baixando 1 punto para ir rebaixando a presión fiscal dos cidadáns deste concello, tamén presentamos unha serie de bonificacións neste concello o que máis repercute é no tema das familias numerosas e por outro lado dicir que xa se están a facer pagos aquí por parte dos Servizos Sociais deste concello, estanse a facer pagos de vivendas facéndose cargo de contribucións, alugamentos de vivendas unha serie de gasto que con isto se podían minorar un pouco, traemos esta moción ao pleno para que o pleno decida e nós estamos abertos a que esta baixada non sexa forte como noutros concellos da comarca como no caso de Mugarodos ou de Fene que son similares a nós, pero baixar un punto ou dous, nós somos conscientes da realidade pero podemos baixar un par de puntos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si é así retira a moción e a estudamos fora do pleno.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non, que quedaches en estudala.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero isto non se fai de martes para hoxe, nos vimos isto o martes na comisión de facenda.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán dicindo que si, pero dixeches que a iades a estudar, nós non queremos facer demagogia con isto, nós o único que queremos e chegar a un acordo e baixar paulatinamente.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que nós propoñemos que isto quede enriba da mesa é a proposta que facemos para estudar o impacto que ten, eu a verdade e que veño aquí cooperativas agrarias e en Ares non hai ningunha, bens de explotacións comunitarias da terra tampouco hai nada, máis





a tal cualificación de eficiencia enerxética o dubido porque isto é moi recente, a familia numerosa había que velo non sei porque ten que ser esta opción, tamén pode haber mais alternativas introducir modificacións por conservación de especies eu creo que un edificio que conserva niños de andoriña pois tamén debería ter unha bonificación porque polo xeral os cargan a todos e está prohibido, eu digo que isto se pode estudar.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que isto vai dirixido máis ao monte.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o problema é que nós non somos grandes produtores de masas forestais, non somos nin Ortigueira nin Cedeira nin Cerdido nin Moeche, logo aproveitamento de térmico o eléctrico por medio de enerxía renovable proveniente do sol, eu creo que aquí non hai nada por iso digo, isto é unha moción tipo que en grandes cidades pode haber bonificacións pero nós temos unha política de baixada gradual e en consecuencia preferimos que isto quede enriba da mesa e valóralo máis detenidamente, esa é a nosa proposta cada un ten a súa.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas, e manifestando que nós non estaríamos en contra dunha baixada do IBI porque sabemos que o tipo impositivo e a presión fiscal dos habitantes de Ares é a maior da provincia entón estaríamos de acordo o que pasa que nós xa hai moitos anos que estamos detrás de facer unha previsión das taxas e dos impostos municipais para procurar unha actualización da realidade actual e tamén reducir esa presión fiscal o do IBI é unha parte pequena do saco que logo vai a levar a cabo a presión fiscal e polo tanto, como anunciamos na comisión informativa nos polo que avogamos é por unha revisión de todas as taxas e impostos e de todos os impostos IBI incluído e nesa liña e polo que levamos pedindo durante moitos anos e nunca se quixo facer. Nós pensamos que se están pagando certas actividades ou certos impostos que estanse pagando moito, e por iso que nós creemos que o que lle corresponde ao concello é sentarse e decidir polo datos non só do que se paga senón do impacto que ten, e tamén o que se nos ven e en que medida se pode modificar pero sempre como dixen na comisión informativa mirando a globalizade, dende unha postura global de todas as taxas e os impostos, porque aquí o que tratamos e de preguntarnos si esta presión fiscal que estamos aplicando en Ares e a máis grande da provincia e a que merecemos, entón nós o que imos a pedir ao PP é que deixe esta moción sobre da mesa co compromiso por parte do goberno de que se leve a unha comisión informativa o estudo das taxas e dos impostos e o impacto que vai ter na economía do concello.

Remata o Sr. Mesías Farías a primeira quenda de intervencións dando as grazas.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do PP:

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández expoñendo que con respecto a comisión de facenda falaba de memoria e dixeches estaba mentindo ti dixeches que eu subirá o 0,49% e eu che dixen que falaba de memoria pero que isto viña polas ponencias que o catastro estaba aconsellando.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a ponencia é unha cousa e o tipo é outra.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que eu falaba de memoria pero sabía o que estaba falando, estaba bastante centrado no tema o art. 8 do RD. 2011 na súa parte dispositiva.





Interrompe o Sr. Alcalde preguntando se lle importaría preguntarme isto en rogos e preguntas e centrarse na moción.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que é da sobra a moción.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a moción non fala diso, eu para defender as políticas vostede subiu o 49%.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que vostede subiuno máis.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que eu non neguei que o subira pero vostede si.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que el tampouco o negou.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que noutra comisión o falamos pero aquí céntrese na moción iso o debatemos na comisión de facenda, céntrese na moción.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que estou defendendo a moción os valores, os impostos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que iso non ven na moción, eu son o Presidente e dirixo os pleno.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si que ven na moción e non me vai a dicir o que teño que expoñer.

Responde novamente o Sr. Alcalde dicindo que se limite a defender a moción na segunda quenda de intervencións.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que está falando dos valores da contribución, non estou a falar doutro tema, estou falando da moción e dos tipos.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que non saque temas que non veñen a conto, que vostede subira o IBI do 0,44% ao 0,55% non está na moción.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non quitou ese tema.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o esta citando agora, tense que centrar na moción, vostede terá que falar diso no foro no que o quitei eu, nunha comisión de facenda e onde me tes que contestar pero aquí tense que centrar na moción.


Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o que quero é xustificar que a subida que houbo no seu día.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que xa que non podo dirixir o pleno, levántase a sesión.

Punto núm. 7.- Rogos e Preguntas.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cincuenta e seis minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.





Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

